

## PRESENTACIÓN

*me duele no estar herido de odio oficial, sino de adioses, no estoy al servicio de nadie—el pueblo se bastará a sí mismo—; en medio de su optimismo desarmado, sus barricadas arderán irremediablemente hasta que alguna vez comience nuestro siglo [...]*

Jorge Enrique Audoum

*Mais il est bien court le temps des cerises [...]  
J'aimerai toujours le temps des cerises, C'est de ce temps-là que je garde au coeur Une plaie ouverte!  
Et Dame Fortune, en m'étant oferte Ne pourra jamais calmer ma douleur... J'aimerai toujours le temps de temps des cerises Et le souvenir que je garde au coeur!*

J.-B. Clément

Blanqui observou un día que «inmediatamente despois dunha revolución... a esperanza e o temor cambian de campo»; nada duradeiro se cumpriu aínda, todo queda por facer, mais a orde do mundo semella repentinamente invertida. É o que a Comuna realizará durante algunhas semanas, o que os amos de onte, de hoxe e de mañá non podían nin poden nin poderán perdoarlle.

A Francia do século XIX coñecera outras insurreccións. «No curso do medio século que transcorre entre as barricadas nocturnas anónimas de novembro de 1827 e as setenta xornadas solares da Comuna, a lista de manifestacións, motíns, golpes de mans, sublevacións, insurreccións de París é tan longa que ningunha outra capital pode reivindicar nada semellante» (Hazan, p. 306). En 1830, en xullo,

a burguesía, cansa dos excesos de Carlos X, o Borbón, que herdara o trono de Francia despois da morte en 1824 de seu pai, Luís XVIII, quen recuperara a súa posición de monarca coa axuda da coalición anti-napoleónica que, derrotando ao emperador francés en Waterloo, acabou definitivamente co Imperio, quere instaurar unha monarquía constitucional na que ha ocupar o lugar que lle corresponde, non só económica senón tamén politicamente. Prepara con tempo a representación da comedia que se interpretará a finais de xullo dese ano, e que instaurará no trono de Francia ao Duque de Orléans, co nome de Louis Philippe I. Para levar a cabo a comedia e enganar aos espectadores que deben ser figurantes na representación, o pobo de París, maioritariamente republicano, chama a un empresario –o vello Tayllerand, experto en traizóns–; a un director –Lafayette, heroe canso, republicano vello mais aínda popular–; a un libretista ou autor do argumento –Adolphe Thiers, escritor devorado pola ambición–; e a un actor que pode dar o papel principal da obra –o Duque de Orléans, un príncipe de costumes ben estudados, ex-combatente durante a Revolución contra as tropas estranxeiras (aínda que despois emigrara), fillo de rexicida e pertencente á estirpe que dende había século e medio reclamaba o trono de Francia. Eses foron os empresarios, directores e actores. Os figurantes, o pobo de París: obreiros, artesáns, estudantes, que, ademais de seren republicanos, estaban fartos do prezo do pan e do desemprego.

A posta en escena debía ser «fastosa» para poder enganar a un pobo vitorioso que o 19 de xullo enchera a súa cidade con seis mil barricadas e fixera fuxir o exército. O 9 de agosto, rodeado de bandeiras republicanas, o Duque de Orléans é proclamado rei de Francia. Todos choran de emoción e alegría, tan magnífica era a representación, agás os vellos republicanos que perciben axiña o engano, e os dirixentes máis lúcidos das seitas proletarias, que están a

facer un labor de zapa que dará os primeiros resultados anos despois.

A monarquía de xullo, como é coñecida a monarquía parlamentaria, soubo das primeiras revoltas proletarias: os obreiros da seda (*canuts*) de Lyon, onde por vez primeira se axita a bandeira negra. Coñeceu diversas insurreccións republicanas. Tamén algúns intentos de restauración borbónico-lexitimista. E a guerra en Alxer, os golpes de man de Louis Napoleón Bonaparte, atentados contra o rei e os seus ministros, crecemento das organizacións proletarias, dominadas case todas polo saint-simonismo, que, segundo Charles Benoist, entre 1830 e 1832, terían distribuído 18 millón de folletos impresos (segundo cita Walter Benjamin en *Paris, capitale du XIX<sup>e</sup> siècle*). A comedia ía, pouco a pouco, mudando en traxicomedia, até que en 1848, o 22 de febreiro, despois de ser prohibido polo goberno un banquete de republicanos, o pobo de París saíu en manifestacións, grandiosas pero non sanguentas. O día seguinte, os soldados matan 16 manifestantes: a sorte da monarquía está decidida. Dúas semanas máis tarde, no Hôtel de Ville (sede do concello) parisiense, proclamábase a república, as masas chegaron enarborando bandeiras vermelhas, Lamartine proclama a bandeira tricolor.

Veu a Segunda república. Todos unidos, até que os banqueiros e capitalistas, que vían como caían bancos e pechaban empresas, decidiron que a Asemblea Nacional tomase en man o asunto. Esta proclamou que os desempregados debían facer traballos «útiles», sen seren recompensados, e os mozos despedidos dos seus empregos enrolados no exército. Os proletarios lánzanse á rúa. A Asemblea Nacional delegou todo o poder no xeneral Cavaignac. Para vencer o «inimigo», bombardeou o vello barrio de Saint-Antoine onde se refuxiaran os insurrectos. Morreron uns mil soldados e entre 10.000 e 15.000 insurrectos, moitos deles asasinados nos subterráneos da Tulleries. Quince

mil rebeldes foron xulgados en consello de guerra; 5.000 deportados a Alxeria e outros permaneceron no cárcere. O 10 de decembro dese 1848, Louis Napoleón era proclamado presidente da república. Así comezaba a Segunda República, que, despois de destruír a liberdade de prensa e de asociación e de pór a educación en mans do clero, decide, en maio de 1850, vendo a suba electoral no ano anterior de demócratas e socialistas, suprimir o sufraxio universal.

E, de súbito, as finanzas e a economía relánzanse, aumentan as exportacións un 50%, os préstamos do Banco de Francia ao Estado caen nun 85%. Todos son felices, e así, en novembro de 1851, o terceiro Bonaparte quere facerse reelixir presidente da República, o que non permite a Constitución e ao que a Asemblea se nega. Bonaparte, que preparaba un golpe de estado dende había tempo, fai que o exército, a noite do 1 ao 2 de decembro, ocupe os lugares estratéxicos de París e arreste os posíbeis adversarios. Os republicanos exhortaron ao pobo de París a levantar barricadas, mais os proletarios non seguiron a iniciativa: despois das últimas experiencias achaban que aquilo non ía con eles. Con todo, o exército mata a dous ou trescentos republicanos e París calará por moito tempo.

Pola contra, a cousa, esta vez, foi diferente na provincia: artesáns, leñadores, canteiros, carpinteiros, serradores, ebanistas, obreiros, xornalistas, que eran case todos republicanos e/ou socialistas, alzáronse en armas. O exército acabou cos bandidos e asasinos. A represión foi dura: 84 deputados expulsados, 32 departamentos en estado de sitio, 27.000 «vermellos» xulgados, máis de 10.000 deportados (a Alxer e Güiana) e 1.500 exiliados. Non se sabe o número de vítimas. A finais de decembro houbo un plebiscito. Gañou Bonaparte: 7 millóns e medio de votos a favor, millón e medio de abstencións e 650.000 en contra. Nacía o Segundo Imperio, aínda que só sería en decembro

do ano seguinte (1852) que Louis Bonaparte decidiría chamarse Napoleón III.

O Segundo Imperio foi a época das grandes realizacións públicas: as liñas férreas multiplicáronse por seis; creáronse novos portos; creouse unha mariña moderna e numerosa; París, baixo a batuta do barón Haussmann, cambiou de fisionomía –tratábase de facer grandes bulevares para que non se puidesen erguer barricadas–; emprendéronse grandes obras públicas, mobilizáronse os pequenos afoiros franceses, industrializábase pouco a pouco Francia e, tamén, a súa agricultura. Por outra parte, cuadruplicouse o efectivo das relixiosas e multiplicouse por oito o de relixiosos (pagados todos polo Estado), a disciplina nas fábricas e talleres era feroz, continuaba a prohibición de todo dereito de asociación, instaurouse unha especie de «pasaporte» obreiro controlado polos patróns e a policía, e nun artigo do código civil dicíase que en caso de conflito por salarios, o patrón «sexa crido polas súas afirmacións». Con todo, en 1864 Napoleón III, cando aparecen os primeiros síntomas de recensión económica, recoñeceu o dereito de folga, mais de folga sen violencia e sen limitacións á liberdade de traballo, autorizou algunha cooperativa obreira e sindicatos prudentes, promoveu os primeiros cursos para adultos e os primeiros retiros obreiros. Mesmo enviou unha delegación de artesáns a visitar a exposición de Londres de 1862. Volveron en 1864 e integráronse na Asociación de Internacional dos Traballadores, reclamaron profundas reformas e chimpáronse ás manifestacións republicanas e complots. En 1869 e 1870 tiveron lugar diversas e violentas folgas, o emperador ordenou a disolución da Sección Francesa da Internacional, mais en van...

ÍNDICE

Presentación.....	7
Preliminares .....	35
A Comuna .....	61
Epílogo. A antítese do Imperio: textos sobre a Comuna de París.....	145
<i>María do Cebreiro</i>	
Referencias.....	151
Algunhas datas.....	153